



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS COMÚNS DO CEMITERIO MUNICIPAL DE DENA (POR SERVIZOS DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL).-

Natureza e fundamento.-

No uso das facultades concedidas polo artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local e os artigos 15 e 20 e ss. Do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da TAXA POLA LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS COMÚNS DO CEMITERIO MUNICIPAL DE DENA (POR SERVIZOS DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVIZOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL).

Artigo 1. Feito Imponible.-

Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos de cemiterios locais, tales como LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS COMÚNS.

Artigo 2. Base imponible.-

A base imponible virá determinada polo prestación do servizo de LIMPEZA E MANTEMENTO DE ZONAS COMÚNS, de acordo co réxime de prestacións que se sinala.

Artigo 3. Suxeito pasivo.-

Serán suxeitos pasivos da presente taxa os persoas físicas ou xurídicas que resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que se detalla no artigo segundo desta ordenanza.

Artigo 4. Cota tributaria-tarifa.-

A cota desta taxa será:

Tarifa: Por limpeza e mantemento de zonas común do cemiterio por tramo de nichos/ano:

- * 1-2 nichos: 7 €/ano
- * 3-4 nichos: 10 €/ano
- * Mais de 4 nichos: 20 €/ano

Artigo 5. Devengo.-

Ao tratarse dun servizo periódico, a taxa devéngase e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural.

Artigo 6. Liquidación e ingreso.-

Ao tratarse dun servizo periódico, practicarase liquidación única anual e o ingreso efectuarase nos prazos e na forma en que se sinalen no edicto de exposición ao público do correspondente padrón.

Artigo 7. Infracción e sancións.-

Nesta materia estarase ó disposto na lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Disposición final. Entrada en vigor.-

A presente Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data -----, entrará en vigor unha vez publicada a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Meaño, 15 de outubro de 2012

O alcalde



Asdo. Jorge Domínguez Rosal

Diligencia: Poñoa eu a Secretaria-Interventora de Hmo. Concello de Meaño, para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 19 de outubro de 2012.



Meaño, 19 de outubro de 2012

Asdo. M^a Teresa Escudero Barral